

Os inicios do cinema en Pontevedra

Pablo Barreiro Vilas

HOY día de Moda

HOY día de Moda

TEATRO PRINCIPAL

SALON DE PROYECCIONES

HOY VIERNES 27 DE MARZO DE 1908

DIA DE MODA

Dos grandes sesiones DOBLES á las siete y nueve de la noche

PROGRAMA

- 1.ª Sinfonía por el cuarteto del Sr. Puga.
- 2.ª El Fonógrafo y la suegra.
- 3.ª Torpedero en alta mar. (ESTRENO)
- 4.ª Bulto frágil. (ESTRENO)
- 5.ª El aplaudidísimo actor-transformista **Rafael Arcos** presentará la chiserosísima parodia de D. Juan Tenorio.

EL TENORIO INFINITO

- 6.ª Honor sin mancha.
- 7.ª Aventuras de un borracho. (ESTRENO)
- 8.ª **Corrida de toros en Barcelona.** (ESTRENO)
- 9.ª El número de gran novedad.

THE GELNÉ

10. Panoramas de Algeciras. (ESTRENO)
11. Nuevo máistró.
12. **Robo de una máquina de escribir.** (ESTRENO) película de 400 metros.
13. (ESTRENO) del celebrado apropiósito en que tanto se distingue **Rafael de Arcos** y que lleva por título:

LA BAILARINA

Las sesiones comenzarán á la hora en punto.

PRECIOS

Plateas con 6 entradas	2 pesetas
Butaca ó asiento de palco	0'30 "
Entrada general	0'15 "

La hermosa cinta que hoy se exhibe **CORRIDA DE TOROS EN BARCELONA**, la diferencia de la exhibida ayer, comprende desde el encajonamiento de los toros en la dehesa hasta el arrioste en la plaza.

Imp. Barros Hno. — Pontevedra

Colección Casal. Museo de Pontevedra.

A segunda metade do XIX, tantas veces pintada de convencional ou "aburrida", tivo sen embargo moito de paixóns e sentimento, de vertixe ante unha modernidade apenas revelada na que os "decimonónicos" de a pé disfrutaban e se espantaban á vez cos novos achados e posibilidades da ciencia.

Por iso, cando a partir da segunda metade da centuria iníciase un circuito de artistas que difunden imaxes "marabillosas", atesoradas en pabillóns provisionais, a xeito de máxicos bazares de andar por casa, nos que se afirma "pode verse o que existe" pronto resultan un éxito de público e crítica. (ilustración nº1).

Neste contexto terá tamén Pontevedra a súa boa ración de novidades, que coincide ademais

con relativo bo momento, a partir da súa escolla como capital de provincia, na que predomina o gusto burgués propio dunha cidade habitada principalmente por renteiros, funcionarios e comerciantes. Sabemos en concreto da ocupación nos terreos da Alameda do "Pavillón de Nicolás Domingo", que durante a última parte do século recorre Galiza e nos visita sen faltar un ano ata que se lle acaba por denegar a prórroga para a exhibición (nunha reseña da prensa de entón fálase da presentación de "máis de 2500 vistas").

Estas primeiras actividades non poden ser consideradas, claro está, cinematográficas, pero probablemente sí estiveron fortemente ligadas á difusión dese novo invento, que por unha parte deulle o golpe de gracia (no 1895 vese na Coruña a primeira proxección cinematográfica, ó

PABELLON ILUSIONISTA

TEATRO DEL SUBMARINO PERAL

FUNCIONES PARA HOY
de las cuatro de la tarde en adelante

ÚLTIMOS DÍAS
DESPEDIDA DE LA SEÑORITA EMMA

FUNCIONES VARIADAS POR HORAS

A petición del público se representarán

EL SUBMARINO PERAL,
Cámara oscura,
EL PARAISO TERRENAL
Y LA OGDIDA DEL TIO GIMDAMO

También se exhibirá la joven de cuatro picas.

PRECIOS Entrada general 25 céntos.
Idem de preferencia 50 ídem.

IMPRESA DE LA UNION REPUBLICANA

Il. nº1. Colección Casal. Museo de Pontevedra.

tempo que na nosa vila acaba por denegárselle a prórroga de exhibición ó propio Nicolás Domingo) e por outra servíuse sen ningún remordemento do seu circuito de exhibición. E tamén veremos como compartiron algunhas das súas funcións e características...


É nunha tarde de primavera cando os primeiros exhibidores chegan coa súa maleta "máxica" á vella estación de ferrocarril de Campolongo. Veñen procedentes de Porto donde uns días antes programaran o seu espectáculo, aínda que a súa intención era acudir antes a Vigo, ó que tiveron que renunciar ante a falla dun local axeitado.

Será logo unha cuestión de espazo a responsable desa estrea na capital, pero tamén unha relativa querencia polo novedoso xunto co rico transfondo cultural que Pontevedra disfrutaba daquela (a importancia do Carnaval, os Maíos, as famosas tertulias...); todo o cal explica igualmente o grande entusiasmo que desperta a sétima arte desde a súa exhibición primeira, o 17 de Abril de 1897, no Teatro do Liceo, levantado moitos anos antes pero rapidamente acondicionado. (ilustración nº2).

Resultaba así o teatro Principal, ou de Pontevedra, (ou do Liceo, por compartir edificio co casino) un lugar de exhibición de certas garantías así coma un exemplo claro tanto da unanimidade no interese da sociedade pontevedresa pola nova experiencia como da organización social do momento, pois cada grupo social acudía ó seu propio espazo, desde as plateas dos señoritos ó "galiñeiro" e os seus precios populares.

Con todo, o edificio non tiña unha vocación única e conservou, sobre todo nestes primeiros momentos, o seu carácter polivalente para local de festas e representacións de teatro ou zarzuela, resultando polo tanto infrutilizado respecto ás proxeccións que nos ocupan.

Así, cando dous anos máis tarde volten os exhibidores portugueses, un novo espazo vaille facer a competencia ó noble edificio. Será xunto ó muro de S. Francisco, na propia Ferrería, por



Il. nº2. Colección Casal. Museo de Pontevedra.

entón praza da Constitución, donde se levante unha sorte de nave de madeira, en liña coa arquitectura efímera dos pabillóns xa citados e o seu aire de "actividades de feira". E comezan as proxeccións en pleno inverno, case ó aire libre, o que fala da súa adscripción máis popular ó tempo que subliñaba claramente o vínculo entre o cine e as tardes chuviosas e frías que algúns críticos da prensa xa consideraba natural anos máis tarde ("Diario de Pontevedra", 1923) (non sabemos que opinaban daquela os sufridos espectadores).

Coa chegada do novo século vai abrir ademais o "teatro-circo" do parque das Palmeiras, unha instalación máis fixa e con maiores ambicións, aínda que tardará dous anos máis en acoller proxeccións cinematográficas, ata o 12 de Xaneiro do 1902, e pasando logo por moitas vicisitudes. (ilustración nº3).

Mentras, o público poderá saciar a sede de novidades con funcións tamén na Alameda.



11. nº3. O teatro-circo nas Palmeiras, ó fondo o instituto Valle Inclán en construción. Colección Casal. Museo de Pontevedra.

A nova arte non da mostras de esgotamento, paseniñamente vai madurando por todas partes. As salas multiplícanse na Galiza. Aínda que os tempos e as modas cambian o negocio parece sólido, polo que continúa a ampliarse a oferta; no noso entorno en concreto cando en 1904 inaugúrase outro cinematógrafo nun local colindante co antigo "Café Moderno", así como temos noticias dunha sala en Marín e posiblemente outra en Placeres. Ata o café "Méndez Núñez" comeza a usarse ocasionalmente logo de 1916.

Todo segue a falar ben ás claras dos fortes vínculos que a nosa cidade mantén coa "marabilla do século" como é denominado ás veces. Incluso cando se sufren os momentos máis oscuros da guerra de Cuba, ou precisamente por eso, a xente continúa ávida de evasión e fantasía (recordemos que a prensa capitalina facíase eco en ocasións da posibilidade dun desembarco na provincia por parte de tropas ianquis, o que se consideraba unha ameaza moi seria).

Respecto ós temas tratados, neste cambio de século a consolidación do cine como actividade comercial coincide tamén cunha maior madurez na súa linguaxe. As primeiras cintas, como vemos nalguns anuncios, duran a penas uns poucos segundos e presentan vistas de barcos, oficios relixiosos ou faenas taurinas (que parecen ter un gran predicamento desde os primeiros momentos), etc; pero pouco a pouco os relatos estrutúranse, deixando atrás as simples vistas inconexas, e comeza a aprender a contar historias, non só a reflexalas. Nese sentido o cine enténdese na Galiza, ó igual que no resto de Europa, máis como vehículo de instrución e divulgación que como espectáculo puro (a diferenza do seu papel nos USA, donde aínda hoxe éste carácter ten con frecuencia prioridade).

Esta evolución tivo tamén un lugar na propia Pontevedra: no 1911 datan algúns autores as primeiras imaxes tomadas na provincia, en concreto unha suposta "vista da escuadra inglesa sa-

CINEMATÓGRAFO LUMIERE
PLAZA DE LA CONSTITUCION
Gran función extraordinaria
 para hoy sábado 11 de Julio de 1914
 compuesta de 20 cuadros escogidos del Cinematógrafo y 6 audiciones fonográficas con el Micro-fonógrafo Eetini en alta voz.

PROGRAMA PARA LA EXTRAORDINARIA

PRIMERA PARTE.—CINEMATÓGRAFO

1. Niñez y soldado sorprendidos en un jardín.
2. Niños ingleses con un baile de gasa.
3. Desfile de ingenieros ciclistas en el Cuartel de la Montaña, Madrid.
4. Procesión de Semana Santa en Sevilla.
5. Batidora de un acorazado al mar.
6. El célebre Fregoli jugando al truco.
7. Baño de negros tagalos en Filipinas.
8. El célebre prestidigitador Mr. Germain.
9. Llegada de excursionistas.
10. Rina de cuatro no-datas.

SEGUNDA PARTE.—MICRO-FONÓGRAFO

1. Alegro de Guillermo Tell.
2. Serenata-Geonod.
3. Fanzurra de Gayarre (Espárito Gentil.)
4. Compiets del Tambor de Granaderos.
5. Variaciones del primer conatin de la Banda de Alabarderos.
6. Peteneras.

TERCERA Y ÚLTIMA PARTE.—CINEMATÓGRAFO

1. Puerta del Sol, Madrid, llegada y salida de tranvías.
2. Llegada de Mazzantini y Réverte con sus cuadrillas a la Plaza de Toros.
3. Desfile de las cuadrillas.
4. Salida del toro a la plaza y suerte de capa.
5. Suerte de vara con un toro de pólvora.
6. Mem por el picador Molina.
7. Idem de banderillas por el Chato de Zaragoza.
8. Idem de matare por Mazzantini.
9. El arrastre del toro y de los caballos.
10. Desfile de la guardia despues de la corrida.
11. De regalo el gran baile damasco.

PRECIOS. Entrada de preferencia. 1 peseta.
 General. 0'50

A LAS OCHO Y MEDIA EN PUNTO.

NOTA.—Se despaehan billetes desde las cuatro de la tarde.

Pontevedra.—Imp. de La Orensas.

II. n.º4. Colección Casal. Museo de Pontevedra.

índo do porto de Marín", que a día de hoxe non se conserva e que para outros nin sequera chegou a rodarse. Pero das que sí hai constancia é das gravadas o ano seguinte; "Inauguración da Avenida de Bos Aires" e "Saída de misa de Sta. María".

Mais respecto a segunda etapa hai que suliñar o papel senlleiro, aínda que bastante descoñecido, que xogou a nosa vila: nada menos que os dous principais fitos no eido da ficción galega durante o período mudo tiveron lugar en Pontevedra. En primeiro lugar a produción, en 1916, da primeira película que podemos considerar "profesional": "Miss Ledyá", do pioneiro José Gil, que narra unha historia de amor, drama e certa mestura de clases (podía ser doutra maneira?), na que entre os seus intérpretes atopamos a un xoven Castelao (o cal recibiu unha das críticas máis negativas, por certo) e da que recentemente se restaurou unha copia. E posteriormente a da primeira obra en galego, "Maruxa", de 1923.

Parece logo que entre os nosos veciños tiñan un lugar relevante estes primeiros operadores, con frecuencia formados no eido relativamente próximo da fotografía (que por outro lado sempre tivo sona na nosa cidade).

Moitas foron igualmente as inquietudes e proxectos ambiciosos de maior ou menor éxito. Citar aquí sequera unha parte resulta imposíbel, máis xá como conclusión merece sen dúbida recordarse o caso de Enrique Barreiro, esforzado pioneiro que, no seu estudio fronte a Ferrería, fundou a productora "Folk" coa pretensión de publicar noticieros gráficos de xeito periódico nos que divulgar costumes, deportes, festas ou acontecementos da actualidade. O seu labor, desenvolvido entre 1932 e 1935, víuse truncado polo dramático fin da segunda república, nun exemplo máis de creatividade cortada de raíz pola intolerancia.

Con todo, a súa figura merece por sí soa un amplo estudio, pois xa na década anterior se co-deara cos mellores produtores-industriais (a diferenza non estaba moi clara) de Europa, nun intento de conseguir poñer en funcionamento o "Cinecromo", un aparello da súa invención que permitiría a filmación en cores á altura de 1927. A cousa quedou en nada mais esa sería outra historia que, en todo caso, reafirma ben ás claras a sintonía entre estes primeiros pasos dunha nova arte e a boa vila de Pontevedra.

Algunha bibliografía imprescindible:

López Piñeiro, Carlos Aurelio : " O cine na revista "Vida Galega" " (1909-1938)". Centro Galego de Artes da Imaxe. A Coruña, 1995.

Varios autores : "Historia do cine en Galicia". Ed. Via Láctea. A Coruña, 1996.

Acuña, Xosé Enrique : "Da historia do cine en Pontevedra 1897-1936". Ed. A Nosa Terra, Vigo 1996.

López Piñeiro, Carlos Aurelio : "O nacemento dunha cidade. A implantación do cine en Pontevedra". Deputación provincial de Pontevedra, 1998.

Durán, José Antonio : "Cesáreo González, el empresario-espectáculo. Viaje al taller de cine, fútbol y variedades del general Franco". Deputación provincial de Pontevedra e J.A. Durán ediciones, 2003.